

Zona Monumental publicitarase na Rede con vistas panorámicas do casco antigo

28/02/2007

(a voz | pontevedra)

Descubregalicia.com permite aos internautas de todo o mundo botar unha ollada a zonas emblemáticas de Galicia. Agora o Centro Comercial Zona Monumental, no que están agrupados os comerciantes do casco histórico, chegou a un acordo cos promotores do sitio web para que tamén Pontevedra estea presente nos itinerarios virtuais que se ofrecen na páxina de Internet. A firma do convenio produciuse onte no Centro de Negocios de Pontevedra, e permitirá aos asociados de Zona Monumental inserir publicidade na páxina a prezos preferentes.

Os comerciantes pontevedreses seguen así os pasos dados por outras organizacións de vendedores, como as de Val Miñor, nos municipios de Baiona, Nigrán e Gondomar.

Do mesmo xeito que nestas localidades da provincia, os promotores de Descubregalicia.com colgarán na súa páxina percorridos fotográficos panorámicos de 360 graos tamén do casco antigo de Pontevedra e ata das empresas e servizos asociados ao Centro Comercial Zona Monumental. Os socios puideron asistir onte ás oito e media da tarde no Centro de Negocios de Pontevedra a unha presentación do produto que ofrece Descubregalicia.com.